

Xoves, 13 de xullo de 2017

Núm. 134

## **ADMINISTRACIÓN LOCAL**

### **PROVINCIAL**

#### **DEPUTACIÓN PROVINCIAL**

##### **Subvencións e axudas**

*CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES A ASOCIACIONES E CLUBS DEPORTIVOS SEN ANIMO DE LUCRO PARA ACTIVIDADES DEPORTIVA DO ANO 2017.*

*EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA DO 7 DE XULLO DE 2017 POLA QUE SE CONVOCAN SUBVENCIONES A ASOCIACIONES E CLUBS DEPORTIVOS SEN ANIMO DE LUCRO PARA ACTIVIDADES DEPORTIVA DO ANO 2017.*

BDNS(Identif.):354625

De conformidade có previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

#### **1. Beneficiarios:**

Asociacións e clubs deportivos da provincia de Pontevedra que carezan de fins de lucro, estean ao corrente coas obrigacións tributarias da Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda Galega, coa Seguridade Social e coa Deputación Provincial e non estean incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para percibir axudas ou subvencións públicas.

#### **2. Obxecto:**

Subvencións destinadas ao apoio ás entidades e clubs deportivos sen ánimo de lucro na realización de actividades deportivas no ámbito territorial da provincia de Pontevedra, durante ou ano 2017.

#### **3. Bases reguladoras:**

Bases de subvencións aprobadas por acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra do 7 de xullo de 2017, Lei 38/2003, xeral de subvencións, Regulamento da lei xeral de subvencións (R.d. 887/2006, de 21 de xullo) e na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e demais lexislación de aplicación.

#### **4. Contía:**

450.000,00€

Código seguro de verificación: XZRRXXV5ANMCNY3Q9



Xoves, 13 de xullo de 2017

Núm. 134

## 5. Prazo de Presentación:

20 días hábiles, contados a partir do día seguinte á publicación do extracto da devandita convocatoria no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra (BOPPO).

## 6. Outros datos de interese:

- Solicitudes e documentación: Cada entidade só poderá presentar a solicitude por unha única actividade deportiva, en modelo normalizado e coa documentación establecida na base terceira.
- Criterios de valoración: os establecidos na base quinta da convocatoria.
- Gastos subvencionables: os necesarios para o desenvolvemento da actividade subvencionada, consistente na organización do devandito evento.
- Compatibilidade : Si
- Forma de pago: Transferencia
- Forma de xustificación: mediante a presentación da conta xustificativa, facturas e presentación de memoria, nos termos previstos na base oitava da convocatoria.
- Prazo máximo de xustificación: 31 de marzo de 2018.

Pontevedra, 10/07/2017

A Presidenta.—M<sup>a</sup> del Carmen Silva Rego

Código seguro de verificación: XZRRXV5ANMCNY3Q9

